



## CONVOCATORIA PREMIOS EMPRENDE GAIÁS SIXTO SECO 2017

**Procedemento:** CT899A

**Asunto:** Resolución relativa a ampliación, por erro na comunicación pública, da data de finalización de fin de presentación de solicitudes.

Conforme ao previsto no artigo 9 das bases reguladoras aprobadas mediante Resolución do 25 de agosto de 2017 pola que se convocan os premios Emprande Cultura Gaiás- "Sixto Seco" para o ano 2017; "O prazo de presentación das solicitudes e da documentación será dun mes, que se contará a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Para estes efectos, entenderase que o prazo vence o día cuxo ordinal coincida co que serviu de partida, que é o de publicación no Diario Oficial de Galicia e, se fose festivo, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte."

Visto o anterior, o prazo de presentación de solicitudes comezou o día 05 de setembro de 2017 e debería vencer o día cuxo ordinal coincida co que serviu de partida, que é o de publicación no Diario Oficial de Galicia, isto é, o 04 de outubro de 2017.

Non obstante o manifestado, na comunicación pública e difusión destes premios, se estableceu erroneamente como fin do prazo de presentación de solicitudes o do 05 de outubro de 2017.

En aras a non prexudicar aos solicitantes que recibiran dita información errónea, e en cumprimento dos principios de igualdade e concorrencia competitiva, a Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, en virtude dos poderes outorgados polo Padroado desta Fundación, **RESOLVE**,

- Que se amplíe o prazo de presentación de proposicións previsto nas bases reguladoras aprobadas por Resolución do 25 de agosto de 2017 pola que se convocan os premios Emprande Cultura Gaiás- "Sixto Seco" para o ano 2017, establecendo como novo vencemento do prazo o **05 de outubro de 2017**.

- Que se de traslado do contido desta resolución e se faga pública aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, a 21 de setembro de 2017



Ana Isabel Vázquez Reboredo  
Fundación Cidade da Cultura de Galicia